



Hoxe publícase no DOG a [RESOLUCIÓN do 11 de xaneiro de 2019 pola que se procede ao nomeamento como persoal laboral e á adxudicación de destino definitivo aos aspirantes seleccionados no concurso oposición para cubrir postos de traballo mediante contratación laboral fixa, convocado pola Resolución do 20 de xaneiro de 2015.](#)

Finaliza o proceso selectivo para a cobertura de postos de traballo para o ingreso nas categorías de:

- médico/a especialista en hematoloxía e hemoterapia
- médico/a xeral
- técnico/a superior
- responsable de comunicación
- enfermeiro/a
- técnico/a especialista de laboratorio
- promotor/a da doazón
- auxiliar administrativo
- auxiliar de informática
- auxiliar clínica/laboratorio
- condutor celador/a

Os/as aspirantes que superen o proceso selectivo poderán exercer a súa opción de integración no réxime estatutario no prazo previsto para a toma de posesión do posto adxudicado.

Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para se incorporar á praza adxudicada.